

## **PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO.**

A presente estratexia de internacionalización está deseñada para que tanto alumnado como profesorado incrementen as súas competencias académicas e profesionais, ademais das interculturais e interpersoais.

Isto pódese conseguir mediante o intercambio de coñecementos e recursos, creando unhas sólidas redes de colaboración tanto con centros educativos como de traballo, dentro e fóra da UE, de forma que o espírito promovido polos programas Erasmus+ formen parte de todos os ámbitos do Centro.

### **I. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS XERAIS.**

Os obxectivos estratéxicos van dirixidos a satisfacer as principais necesidades dos centros educativos. Establecemos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Internacionalizar toda a oferta educativa do centro, facéndoa máis atractiva e relevante, desenvolvendo accións encamiñadas á súa excelencia, modernización, tecnificación e, atraendo así maior número de alumnado.
- Incrementar a participación de alumnado e profesorado nos diferentes programas de mobilidade internacional ofertados.
- Xestionar os diferentes programas internacionais visibilizando as actuacións realizadas baixo criterios de equidade e transparencia, mellorando as competencias da comunidade educativa.

### **II. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS PARA FORMACIÓN PROFESIONAL,**

A oferta formativa da FP debe ser capaz de adaptarse ás novas necesidades das empresas, deixando un pouco de lado o perfil máis industrial para entrar de cheo en familias profesionais e contidos relacionados directamente coa tecnoloxía. Pero ademais, debe producirse o definitivo cambio na imaxe e a reputación deste tipo de estudos, de maneira que aumente a súa capacidade para atraer a novos estudantes,

atractivo que debería incrementar o feito de que desde o centro ofértese a posibilidade de desenvolver prácticas no estranxeiro a todo o alumnado do centro.

### **III. ORGANIZACIÓN O IES A PONTEPEDRIÑA.**

O IES A Pontepedriña está situado na cidade de Santiago de Compostela ( incorporar o que está na páxina web).

No curso 2019/2020 a oferta educativa do centro é: ( poner oferta).

### **IV. PLAN DE ACCIÓN.**

Para alcanzar os obxectivos estratéxicos da internacionalización para o periodo 2020-2024 levaremos a cabo un plan que comprenda as seguintes accións:

- Implementar estratexias de difusión e publicidade das mobilidades, incrementando o seu número tanto de alumnado como de profesorado.
- Mellorar a organización e comunicación inter centro mediante a posta en práctica das experiencias e recursos derivados das diferentes mobilidades.
- Potenciar a mellora continua en competencias transversais de todas as persoas involucradas nestas mobilidades, repercutindo positivamente na vida do IES a través da súa difusión e xeneralización a todos os ámbitos.
- Promover as mobilidades de alumnado, tanto de realización de FCT como para os recentemente titulados como medio de mellora de acceso ao emprego, motivándoos para a súa realización.
- Mellorar a competencia lingüística de alumnado e profesorado.
- Favorecer os intercambios que promoven a incorporación da innovación e as TICs nos nosos programas educativos.

- Valorar positivamente a internacionalización como un medio de mellora continua necesaria.

Como se desprende das accións desenvolvidas nos puntos anteriores, a presente Estratexia de Internacionalización busca investir na mellora de coñecementos, habilidades e competencias clave e específicas presentes no noso IES, beneficiando ás persoas, ás institucións e á sociedade, nun mundo globalizado no que as esixencias ás empresas son cada vez maiores.

## **V. RESULTADOS PREVISTOS.**

- Equipos docentes: As mobilidades mellorarán as competencias individuais acerca das características específicas de cada un dos centros de acollida (empresas ou centros educativos), de forma que se poderán incorporar novas técnicas e/ou formas de traballo ao noso sistema de ensino-aprendizaxe que repercutan positivamente sobre a comunidade educativa, fundamentalmente sobre o alumnado, fomentando a inclusión da innovación no noso labor diario. Conseguirase ao mesmo tempo, unha mellora nas capacidades comunicativas noutras linguas, así como o intercambio, sempre positivo, con outras culturas diferentes á nosa.
- Alumnado: O alumnado enfrontarase, durante desenvolvemento das súas prácticas, a diferentes condicións e a técnicas de traballo en empresas doutros países, o que conlevará unha necesaria mellora nas habilidades e capacidades socio-laborais propias da especialidade do seu ciclo formativo. No caso do alumnado de FP básica, as estancias de curta duración nestas empresas incrementarán a súa inserción sociolaboral e a súa motivación para continuar dentro do sistema educativo a través dos ciclos de grao medio. En calquera caso, o alumnado mellorará a súa competencia lingüística noutras linguas, e desenvolverá competencias transversais como a autonomía, creatividade, talento, responsabilidade, capacidade de resolución de problemas e autoestima.

## **VI. MELLORAS QUE ESPERAMOS ACADAR.**

As melloras que se esperan alcanzar coa implantación desta Estratexia de Internacionalización son:

- Contribuír a mellorar a taxa de inserción laboral do alumnado.
- Aumentar un 20% o número de alumnado e profesorado participante en mobilidades.
- Incrementar un 20% o profesorado e alumnado que mellora as súas competencias lingüísticas nunha lingua estranxeira.
- Establecer unha porcentaxe aceptable de alumnado de FP Básica que participa en mobilidades e que continúa a súa formación en ciclos de grao medio.
- Aumentar un 50% a publicidade relacionada cos proxectos, actividades e resultados alcanzados para incrementar a dimensión europea das mobilidades.